
Unha nova aplicación en produción: EMAN Simulación

- Actualizado (17.01.2008)

Aplicación: EMAN

Máquina: SVGD

Versión: 1.8

EMAN é un paquete de software completo para a construción de modelos 3D desde un conxunto de imaxes de partículas orientadas aleatoriamente. Esta técnica úsase tipicamente xunto imaxes de moléculas individuais obtidas usando criomicroscopía electrónica. Esta técnica é capaz de determinar estruturas de partículas con resolución subnanométrica nun rango de 10-1000 nm.

A parte fundamental de EMAN é a librería científica de procesamentos de imaxes adecuada para o seu uso en Python. EMAN tamén incorpora un número de ferramentas para o "Docking" de estruturas cristalinas (procedentes de difracción de raios X) en mapas de densidade de baixa resolución.